

RESOLUCIÓN do 18 de marzo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á nova participación de agricultores en réximes de calidade, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2024. DOG Nº 62 (27/03/2024)

Obxecto

Esta resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras das axudas á nova participación de agricultores en réximes de calidade no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, así como proceder á súa convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para o ano 2024.

Persoas beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias destas axudas as **persoas físicas ou xurídicas, titulares de explotacións agrarias** que cumpran a condición de agricultor activo. En todo caso, a data da alta no réxime de calidade ten que ser posterior ao 18 de novembro de 2015, data de aprobación do PDR de Galicia 2014-2020 e anterior á data límite do período subvencionable que se defina en cada convocatoria.
2. No caso do programa de calidade relativo á produción ecolóxica, tamén terá a consideración de nova participación aquela que se refira a agricultores/as que, tendo previamente actividade no dito programa, inicien a actividade de produción ecolóxica con destino ao mercado en relación con algunha nova orientación produtiva.

Gastos subvencionables e contía das axudas

1. Serán subvencionables os custos fixos ocasionados pola **inscrición nun réxime de calidade e a cota anual de participación no dito réxime**, incluídos, de ser o caso, os custos dos controis necesarios para comprobar o cumprimento dos requisitos do réxime. Non se considerarán subvencionables os custos internos ou de autocontrol.

No caso das persoas beneficiarias por comezaren nunha nova orientación produtiva dentro da produción ecolóxica, os gastos deberán estar relacionados con esa nova orientación produtiva.

2. **A contía da axuda será do 100 % dos gastos subvencionables realizados, sen superar os 3.000 euros anuais** por explotación, durante un período máximo de cinco anos.
3. Non se tramitarán expedientes cuxa contía non supere os 50 €.

Gastos atendibles na convocatoria de 2024

Para a convocatoria de 2024 serán atendibles os gastos imputados á campaña que comprende o período que vai do 1 de maio de 2023 ata o 30 de abril de 2024.

Prazo de presentación

O prazo para a presentación de solicitudes **rematará o 27 de maio de 2024.**